



SORTEO DE PREMIOS ENTRE AS USUARIAS E USUARIOS DO PUNTO LIMPO DE VIMIANZO.

SETEMBRO DE 2017

Realizado o sorteo dos premios entre as usuarias e usuarios do Punto Limpo de Vimianzo por medio dun método de xeración de números aleatorios entre os números 1 e 111, correspondentes ás papeletas entregadas entre os días 10 e 31 de agosto, as e os premiados foron os seguintes:

VALE DE COMPRA DE 50€ PARA GASTAR EN ESTABLECEMENTOS DO CONCELLO DE VIMIANZO	PREMIO 1	13
	PREMIO 2	1
	RESERVA	65
	RESERVA	40
VALE DE 50€ PARA GASTAR EN RESTAURANTES DO CONCELLO DE VIMIANZO	PREMIO 1	45
	PREMIO 2	56
	RESERVA	97
	RESERVA	37

As persoas agraciadas poderán reclamar o premio dende o día 5 de setembro.

No caso de que o día 30 de setembro o número agraciado non reclamara o premio perderá o dereito a el.

Os premios non reclamados o día 30 de setembro pasarán ao reserva. Este feito será anunciado na relación de premios do mes de outubro.-

Se o premio non foi reclamado pola persoa agraciada nin polo reserva considerarase deserto.

A persoa que resulte agraciada no sorteo deberá presentar a papeleta premiada, sen ningún tipo de rotura, riscadura ou manipulación, nas instalacións do Punto Limpo de Vimianzo antes do 30 de setembro.

Xunto coa papeleta deberá presentar tickets de compra (factura simplificada) ou factura, do gasto efectuado en establecementos comerciais ou restaurantes, segundo sexa o premio, para que llos aboen.

O gasto deberá corresponder ao mes de setembro.



Se os tickets (factura simplificada) ou facturas, superan a cantidade de 50€ só será aboada esta cantidade.

A empresa concesionaria do Punto Limpo será a encargada de tramitar o pagamento e de aboar o importe dos premios.

Os premios serán aboados da maneira que a empresa concesionaria estime conveniente (efectivo, cheque, transferencia, etc).

Se a empresa o estimara conveniente poderá organizarse un acto público de entrega dos premios.

As persoas agraciadas poden renunciar ao premio. Deberán facelo constar por escrito. Neste suposto aplicarase o relativo aos premios non reclamados no seu periodo correspondente.